

CLASIFICACIÓN 1/3: ROMANAS

BASEADA NA CLASIFICACIÓN VOX-ATypI E NA DE ROBERT BRINGHURST

TIPOS DE SERIFAS




Mistiforme Filiforme Rectiforme Cuadrangular Sen serifa

TIPOS DE TERMINAIS



Botónou bola Lágrima ou gota Bico ou afiado Sen terminal

TIPOS DE MODULACIÓN



Eixo oblicuo (humanista) Eixo vertical (racionalista) Trazo non modulado

HUMANÍSTICAS

SÉCULOS XV E XVI • RENACENTISTAS/VENECIANAS/OLD STYLE



JENSON, BEMBO, CENTAUR, GOUDY OLD STYLE, MINION, SABON.

Trazo modulado; eixo oblicuo; barra do “e” inclinada; terminais precisos e feitos con pluma; grande abertura e itálico equivalente e independente do romano.

GARALDAS

SÉCULO XVII • BARROCAS/OLD STYLE



GARAMOND, ALDINE, JANSON, CASLON, ELZEVIR, KIS.

Trazo modulado; eixo variable; serifas e terminais modelados; apertura moderada; itálico subsidiario do romano e estreitamente ligado a este.

Aínda que o eixo principal do trazo é oblicuo, é común que apareza un eixo secundario vertical.

TRANSICIONAIS

SÉCULO XVIII • NEOCLÁSICAS/REAIS



BASKERVILLE, CENTURY OLD STYLE, MRS EAVES, BOOKMAN, FOURNIER, CALEDONIA, DUTCH.

Trazo modulado; eixo vertical; serifas mistiformes refinadas; terminais en lágrima; apertura moderada; itálico totalmente subxugado ao romano.

DIDONAS

SÉCULOS XVIII E XIX • ROMÁNTICAS/ROMANAS MODERNAS



BODONI, DIDOT, WALBAUM, CENTENNIAL, FILOSOFIA, BULMER.

Alto contraste; eixo racionalista intensificado; serifa cuadrangular e fina; terminais en botón; abertura pequena; itálico totalmente dependente.

Quer nas letras neoclásicas, quer nas románticas, o eixo primario é normalmente vertical e o secundario é oblicuo.